



PLAN DIXITAL

CEIP A Lama

[Versión 1.0 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

2. 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro:	CEIP A Lama
Código:	36014611
Dirección:	Avenida do Concello, 24 [36830] A Lama (Pontevedra)
Páxina web:	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalama/
Correo electrónico:	ceip.alama@edu.xunta.gal
Teléfono:	886159065
Etapas educativas:	Educación Infantil e Educación Primaria
Liñas do centro	1 liña

2.1. 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características físicas.

O CEIP "A LAMA" é un centro de titularidade pública (Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional) creado no ano 1975 co nome de "Colegio Nacional de La Lama", logo de reunificar varias escolas unitarias rurais para impartir a Educación Xeral Básica (EXB). Coa reforma educativa levada adiante tras a aprobación da LOGSE, este centro pasa a ter a súa denominación actual e a acoller alumnado das etapas educativas de Infantil e Primaria. A Lama é un concello extenso (112 km²) e montañoso (Serras do Cando, O Seixo, e O Suído), con 2.966 habitantes censados no padrón de 2010, do que resulta unha das densidades de poboación máis baixas de Galicia (26 hab/km²). As estruturas son claramente insuficientes, tanto a nivel educativo, sanitario, de infraestruturas e acceso á cultura, xa que conta unicamente cun colexio de Educación Infantil e Primaria, un Centro de Asistencia Sanitaria primaria e unha pequena axencia de lectura municipal e non existen nin hospitais, nin centros de Educación Secundaria, nin salas de cine, teatro, nin centros para a terceira idade, mocidade, etc. O papel compensador das desigualdades socioeconómicas que realiza a nosa escola é moi notable. Moitos dos nosos alumnos nunca terían visitado un cine, un museo, ou accederían a un ordenador con conexión a internet, de non ser polos recursos que dende o centro se brindan.

Contorna socio-económica

No contorno familiar predominan familias reconstituídas e nucleares. A emigración, o illamento, a falta de industria, o aumento do número de paradas e parados, son as grandes diferenzas no nivel económico e cultural das familias.

A maioría do alumnado do noso centro non ten acceso as tecnoloxías da información e comunicación na seu contexto familiar. E por iso que o noso centro convertese nalgúns casos a única canle para ter acceso as TICs. Partindo desta premisa dende a etapa de Educación Infantil o noso centro trata de orientar cara a incorporación de habilidades que vaian desde o acceso á

información ata a súa transmisión en distintos soporte e a súa utilización como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Contribución do PD ao Proxecto Educativo e Relación con outros Plans e proxectos do centro.

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer. Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital.

Polo tanto, as TIC convértense nun instrumento indispensable no noso centro educativo, tanto polas posibilidades que abre a súa utilización didáctica no proceso de ensino-aprendizaxe, como na mellora da xestión académica e dos recursos do centro.

Ademais, o centro está dando pasos para solicitar e estar inmerso en diferentes programas onde a competencia dixital e TIC son o alicerce principal: **EDIXGAL , POLOS CREATIVOS E BIBLIOTECA CREATIVA E RADIO NA BIBLIO.**

O plan de acción, recollido no apartado 3.1 do presente documento, será incorporado a Programación Xeral Anual do curso 22/23. Así pois, estes obxectivos serán obxecto de traballo para o vindeiro curso, segundo os parámetros que neste se recollen.

2.2.1.3. Breve xustificación do mesmo

A creación deste documento está alicerzado na seguintes referencias legais:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

2.3.1.4. Proceso de elaboración

A liña de traballo sobre o PD está enmarcada no P2131105 do PFPP 2021/2022 36014611 dentro do itinerario Plan Dixital de centro.

A continuación constituímos un pequeno grupo de traballo para elaborar este PD no que estivesen incluídos, ademais do equipo directivo, o coordinador TIC e tendo en conta as aportacións de tódolos membros do Claustro.

3. 2. Situación de partida

3.1. 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital do centro:

- Conectividade á rede. O centro ten unha infraestrutura nova de conectividade sen fíos á rede Abalar. Todas as aulas do Edificio dispoñen, cando menos, dun punto de acceso á conexión cableada. Por outro lado a conexión á rede sen fíos, aínda que con boa velocidade ás veces ten problemas de conectividade e vólvese inestable.

Equipamento dispoñible e identificación dos usos

- Nestes momentos contamos con un ordenador por aula conectado a un proxector e dispoñemos dunha aula ABALAR con 7 ordenadores portátiles e unha PDI.
- Somos un centro que se incorporará o vindeiro curso ao proxecto EDIXGAL, polo tanto, contaremos cos recursos e a dotación de equipos que se nos adxudiquen para desenvolver o proxecto.
O resto de aulas, dispoñen dun só equipo informático, o empregado co proxector. Algúns destes, están obsoletos e polo tanto non son quen de conectarse con velocidade á rede e o seu funcionamento é lento. Este feito non permite que as dinámicas e traballos que precisan as TIC como ferramenta dixital sexan fluídas.
- Equipos de xestión e administración: Dispoñemos de 2 equipos (1 para cada membro do equipo directivo) obsoletos e con un funcionamento lento e deficiente que non son capaces de soportar unha alta carga de traballo en multitarefa.
- Biblioteca: 4 equipos informáticos tamén xa desactualizados e cunha velocidade de procesamento lenta.
- Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: Na sala de mestres dispoñemos de un equipo, con un funcionamento lento e que queda corto en cantidade e velocidade para cando os mestres queren buscar recursos ou traballar nel.
- Contamos con dous equipos potentes empregados no laboratorio de recursos cuxa función é a de edición de vídeo e son posto que contamos con "radio na biblio" e levase a cabo gran cantidade de traballo audiovisual.
- Contamos con 8 tabletas dixitais e 7 ordenadores portátiles para uso do alumnado do centro que rotan por tódolos os grupos.
- Algúns equipo (EDLG, TIC, Act. Extraescolares e complementarias) posúen equipamento propio de traballo.

Servizos dixitais educativos empregados na actualidade

- **Aula Virtual/ EVA:** Todos os cursos do centro dispoñen deste recurso dixital que é empregado de xeito continuado no proceso ensinanza-aprendizaxe de 1º curso en diante. Nos demais cursos, pola idade do alumando, este recurso emprégase segundo considera a súa idoneidade o profesorado que imparte docencia nos mesmos.

- **Edmodo/ClassDojo:** Ambos recursos son empregados como ferramenta para informar ás familias do alumnado sobre as diferentes novas e informacións que as familias deben coñecer sobre o alumnado.

Xestión do mantemento do equipamento do centro.

- O equipamento do centro que conta coa maqueta Abalar do sistema operativo linux, fai o seu mantemento a UAC. Este servizo, en ocasións, tarda en arranxar as incidencias xeradas e listas de agarda para repoñer o material que non se pode amañar son demasiado longas, obrigando aos propios centros a ter que substituír o equipamento co orzamento propio.
- O equipamento que non é enviado pola Consellería é xestionado polo propio centro, ata onde chegan os coñecementos do Equipo TIC. As incidencias que non podemos amañar, son arranxadas por unha empresa externa que ten que costear o centro.
- O equipamento destinado ao programa E-Dixgal ten unha moi boa xestión e atención por parte do servizo Premium.

3.2.2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para completar a análise DAFO, manexamos diferentes fontes de información a partires das cales fixemos unha reflexión. Son as seguintes:

Autoavaliación do **informe SELFIE**, tal como amosa a seguinte táboa

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Directivo	4.1
	Profesorado	3.9
	Alumnado	--
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	3.5
	Profesorado	3
	Alumnado	4.2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	4
	Profesorado	3.7
	Alumnado	3.8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	5
	Profesorado	3.9
	Alumnado	--
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3.9
	Profesorado	3.8
	Alumnado	--
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	4.1
	Profesorado	3.3
	Alumnado	3.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2.6
	Profesorado	2.8
	Alumnado	--
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	4.1
	Profesorado	3.3
	Alumnado	4.4

Reflexión sobre os datos obtidos no Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	7	85,7%
INTERINO	2	3	66,7%
PROVISIONAL	2	2	100%
SUBSTITUTO	3	3	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
97,5	Experto/a (B2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INTANTIL	100,6	Experto/a (B2)	66,2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	104,2	Experto/a (B2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
B1	7	53,8%
B2	5	38,5%
C2	1	7,7%
TOTAL	13	100%

Ademais de empregar a análise dos datos que reflexan estas táboas, o equipo de traballo encargado de elaborar o presente PD, **reunímonos para poñer en común e reflexionar acerca de cal é a realidade do centro**. Para isto empregamos directamente as táboas DAFO e, sobre cada categoría, cada quen achegou os seus pareceres baseándonos na experiencia dos últimos anos e o día a día na nosa escola.

3.3.2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, CDD e outras fontes de reflexión, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>Renovación dos espazos da biblioteca, laboratorio de recursos e radio na escola.</p> <p>Equipamento presente no centro para levar a cabo a aprendizaxe no eido dixital (equipos dixitais portables: tabletas dixitais, recursos do laboratorio creativo).</p> <p>Equipamento que se enviará para as aulas de 5º e 6º pola implantación do proxecto EDIXGAL e equipamento para todo o centro enviado pola implantación do proxecto Polos Creativos.</p> <p>Boa cobertura de acceso á rede Wifi (edu.xunta)</p>	<p>Desgaste, arranxos e reposición do equipamento informático mercado polo centro que, ao non ser procedente de AMTEGA, ten que ser sufragado a nivel económico e técnico co orzamento do colexio.</p> <p>Insuficiencia de equipos informáticos para o uso de todo o alumnado do centro.</p> <p>Escaseza de equipos informáticos actualizados.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>Oferta formativa en cursos relacionados co eido dixital.</p> <p>Gran cantidade de recursos dispoñibles na rede tanto para a formación docente como para o seu emprego co alumnado.</p> <p>Posibilidade de adaptar as tarefas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxes.</p> <p>As TIC ofertan gran cantidade de recursos á hora de facer un seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado. Ademais, aforran moito tempo e aportan obxectividade á hora das cualificacións.</p> <p>O emprego de ferramentas de comunicación coas familias, como Edmodo e ClassDojo, son máis flexibles e rápidas.</p> <p>Boa puntuación no test CDD e SELFIE.</p> <p>Equipo directivo moi capacitado e con motivación cara a implementación de proxectos tecnolóxicos e innovadores.</p>	<p>Os recursos dispoñibles no repositorio abalar están (algúns deles) obsoletos, en formatos que xa non se empregan (lim, ardora, adobe flash player) ou non se adaptan ben aos diferentes niveis do currículo para o que están creados.</p> <p>O profesorado, aínda tendo a formación, non dispón de tempo para crear contido en liña para dar cobertura ás necesidades curriculares do alumnado. Precisaríase un repositorio moito máis amplo e adaptable ás necesidades curriculares de cada materia.</p> <p>Falta de tempo para a formación.</p> <p>Falta de tempo para a formación en competencias dixitais.</p> <p>Claustro moi cambiante, polo que non sabemos o nivel de competencia dixital no próximo curso.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE	<p>Implicación na comunidade educativa, tanto a nivel de consello escolar como no traballo diario.</p>	<p>Non recibe formación nin instrucións específicas en materia dixital.</p> <p>Non ten posibilidade de acceder á rede wifi, posto que non posúe usuario para conectarse a edu.xunta.</p> <p>Non dispoñen de equipamento TIC enviado pola da administración.</p>

ALUMNADO	<p>A competencia dixital aporta ao alumnado ferramentas que o fan máis autónomo para a adquisición de novas aprendizaxes. Aumento do interese, motivación e implicación do alumnado Fomento do traballo cooperativo. O alumnado é máis protagonista na súa aprendizaxe. Ten ao seu alcance ferramentas de autocorrección e retroalimentación.</p> <p>O alumnado considera que se pode facer un seguimento das súas tarefas escolares a través da Aula Virtual.</p>	<p>Elemento de distraccións do alumnado, por presentar demasiados estímulos simultaneamente. Dificultade para concentrarse e estudar empregando unicamente contornas dixitais (estudar empregando unha pantalla como soporte). Inseguridades e comportamentos difíciles de controlar en contornas virtuais. Calidade e idoneidade da información atopada na rede. Fanse máis visibles as diferenzas socioculturais polo distinto dominio que o alumnado ten das ferramentas dixitais. O alumnado emprega pouco a tecnoloxía con fins de aprendizaxe fora do centro.</p>
FAMILIAS	<p>Algunhas familias amósanse favorables á comunicación empregando ferramentas dixitais. Cada vez vanse familiarizando máis coa páxina web e a aula virtual do alumnado.</p>	<p>Escaso coñecemento das TIC como ferramenta de traballo, polo que non poden axudar ao alumnado na adquisición das mesmas. Competencia dixital escasa. Fogares con diferentes tipos de conectividade.</p> <p>Falta de equipamento tecnolóxico-dixital e medios para realizar tarefas a través da aula virtual do centro.</p>
OFERTA	<p>O Plan Dixital, supoñemos, axudaranos estrutural e economicamente a mellorar os servizos e ferramentas dixitais das que dispomos na actualidade. Estanse ofertando cursos en materia dixital que cada vez se axustan máis á práctica diaria. Programas e proxectos novos centrados na competencia dixital tales como A Robótica en Ed, Primaria ou Digicraft en tu cole, Polos Creativos, etc.</p>	<p>Precisaríanse materias, horario e dispoñibilidade docente para implantar materias destinadas ao coñecemento das TIC como ferramenta de traballo académico en tódolos cursos.</p>
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>Concienciación e apoio por parte do equipo directivo no fomento do uso das TIC e traballo sobre a competencia dixital do alumnado e profesorado. Emprego de novos espazos de traballo dixital: EVA e Aula virtual. Contamos con espazos e recursos actualizados: espazos maker, radio escolar, biblioteca con recursos diversos tecnolóxicos.</p>	<p>Profesorado moi cambiante. O próximo curso renovarase máis do 50% do claustro</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Servizos de mantemento dos equipos informáticos (UAC)</p> <p>Dotación de equipamentos dos novos programas</p>	<p>Gran cantidade de contidos curriculares que limitan o tempo para o traballo sobre o aprendizaxe das TIC (ferramenta e seguridade)</p> <p>Escasa dotación de material TIC fóra do destinado ao plan EDIXGAL</p> <p>Escasa flexibilidade na autonomía do centro para destinar as diferentes partidas económicas en material que realmente precisa o centro. Normalmente as dotacións económicas esíxese que se gasten en material funxible cando o que se precisa é equipamento TIC inventariable.</p> <p>Restricións no emprego de ferramentas e programas cando non hai alternativas de software libre que cumpran a mesma función.</p> <p>Excesiva carga burocrática que dificulta desenvolver os diferentes proxectos e planificar estratexias e recursos dixitais.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>Cambios favorecedores na lexislación educativa</p>	<p>Ausencia flexibilidade (debido á falta de profesorado) de facer desdobres ou diferentes agrupamentos. Pouco peso das TIC como ferramenta dentro do currículo. Debería ser un elemento transversal.</p>
	CONTORNA	<p>Ten a oportunidade de levar a cabo actividades extraescolares en materia dixital, atendendo ás necesidades do alumnado neste eido, para contribuír a eliminar a fenda dixital por cuestións socioeconómicas, Coñece, posto que ten representación no concello, cales son as necesidades do centro en materia dixital. Pode contribuír na concienciación e apoio ás familias no eido TIC.</p>	<p>Falta de compromiso e colaboración das entidades locais na mellora das infraestruturas do colexio.</p> <p>Falta de interese no desenvolvemento tecnolóxico no contexto local</p>
	ANPA	<p>Apoio ao centro nas iniciativas que se promoven.</p>	<p>Falta de compromiso e colaboración das entidades locais na mellora das infraestruturas do colexio. Escasa iniciativa na planificación e posta en marcha de actividades relacionadas coas TIC.</p>

	OUTRAS ENTIDADES		<p>Gran cantidade de contidos curriculares que limitan o tempo para o traballo sobre o aprendizaxe das TIC (ferramenta e seguridade)</p> <p>Escasa dotación de material TIC fóra do destinado ao plan E- DIXGAL.</p> <p>Escasa flexibilidade na autonomía do centro para destinar as diferentes partidas económicas en material que realmente precisa o centro. Normalmente as dotacións económicas esíxese que se gasten en material funxible cando o que se precisa é equipamento TIC inventariable.</p> <p>Restricións no emprego de ferramentas e programas cando non hai alternativas de software libre que cumpran a mesma función.</p> <p>Ratios de alumnado elevadas que imposibilitan poder atender a todo o alumnado á hora de presentarse problemas relacionados co funcionamento dos equipos.</p>
--	-------------------------	--	---

4. 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar, para poder levar á práctica o Plan de Acción deberemos ter en conta os recursos materiais e humanos existentes no curso académico dentro do centro

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

4.1.3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez feita a análise DAFO do noso centro consideramos que as áreas sobre as que traballar a curto prazo, dentro do marco DigCompOrg, son os seguintes:

- Colaboración e redes (b)
- Pedagogía, infraestrutura e equipamento (c)
- Desenvolvemento profesional continuo (d)
- Pedagogía: implementación na aula (f)

Para traballar nestas áreas, marcaremos uns obxectivos, concretados nos indicadores de logro, ao longo do curso 2022/2023. Cabe sinalar que, os responsables encargados de poñer en marcha o traballo para alcanzar os obxectivos dentro de cada área, precisarán da colaboración por parte de toda a comunidade educativa (especialmente dos mestres/as que obteñan destino no cento no vindeiro curso), así como do equipamento e asesoramento prestados pola administración para dotar ao centro das ferramentas que precisa para lograr os obxectivos propostos.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)						
1. OBXECTIVO:	Elaborar material, e crear un curso con contidos na Aula Virtual, para traballar co alumnado do Grupo de Adquisición de Linguas				Acadado	
RESPONSABLE:	Departamento de Orientación.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> - Creouse un curso na Aula virtual do centro - Hai contidos sobre vocabulario (árabe- español) e estruturas gramaticais sinxelas - Hai tarefas e actividades para traballar estes contidos, de complexidade progresiva. 					
Valor de partida	Non existen contidos deste ámbito na Aula Virtual do centro					
Valor previsto e data	Hai un curso co material preciso para traballar co alumnado do GAL na Aula Virtual do centro			Finais da Primeira Avaliación do curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear un grupo de traballo para a elaboración dos contidos.	Orientador/a	1ª avaliación: Primeira quincena de outubro.	Elección dos membros do grupo de traballo e deseño do tipo de contidos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Decidir que tipos de contidos e tarefas se van empregar: Arquivos de son, vídeo, recursos en liña, recursos para traballar en papel...	Orientador/a	1ª avaliación: Segunda quincena de outubro.	Recompilación de diferentes fontes do tipo de recursos que son máis axeitados atractivos para a aprendizaxe dunha lingua.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Distribuír equitativamente o traballo entre os membros do grupo. Elaboración dos contidos e seguimento do progreso.	Orientador/a	Finais da 1ª avaliación.	Reunións entre os membros do grupo de traballo para valorar a calidade e progresión do traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Presentar o traballo elaborado para que todo o profesorado poida empregalo cando sexa membro dun GAL.	Orientador/a	Finais da 1ª avaliación/2ª avaliación	Apertura da AV exposición do traballo e aos demais docentes para ensinalles como empregar o material cando sexa necesario levar a cabo un GAL.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES (B)						
2. OBXECTIVO:	Obradoiro TIC para dar a coñecer aos novos docentes que se incorporan, no CADP ou CXT, con que ferramentas TIC se traballa no centro así como facer de guía no proceso de aprendizaxe das mesmas.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> - Facer un arquivo resumo coas explicacións esenciais sobre como se traballa no centro con: AV, EVA, Edmodo/ClassDojo. - Denomínase un responsable que ensina e guía no emprego destas ferramentas TIC aos novos docentes que chegan ao centro. 					
Valor de partida	Non existe esta figura actualmente no centro.					
Valor previsto e data	Crear un material guía e asignar un responsable para iniciar no coñecemento das TIC aos novos docentes que chegan ao centro.				Mes de setembro do curso 22/23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSAB.	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Recompilar as ferramentas TIC esenciais para elaborar o documento.	Coordinador TIC	1ª avaliación: Primeira semana de setembro.	Elección dos contidos esenciais sobre as ferramentas TIC que todos os docentes debemos coñecer no centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Crear un arquivo resumo coas explicacións esenciais sobre como se traballa no centro con: AV, EVA, Edmodo e ClassDojo.	Coordinador TIC	1ª avaliación: Segunda semana de setembro	Elaboración do arquivo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Levar a cabo unha xuntanza co novo persoal docente chegado ao centro, entrégaselle o documento e explícase o funcionamento das ferramentas TIC de xeito práctico.	Coordinador TIC	Ata finais de setembro	Os recursos TIC teñen que estar dispoñibles para o uso dos novos docentes: alta na AV (ou EVA), Edmodo e ClassDojo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Ter un mestre responsable ao que poden acudir os/as docentes cando xorden dúbidas.	Coordinador TIC	Todo o curso.	Dispoñibilidade horaria para facer a tarefa de acompañamento e axuda ao docentes.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA, INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO (C)							
4. OBXECTIVO:	Crear un espazo Maker na biblioteca para que o alumnado teña contacto, de xeito autónomo e lúdico, no eido STEM					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC e Coordinador/a de Biblioteca					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> - Crear un espazo maker no que o alumnado poida empregar materiais para facer construcións e proxectos con Lego e robots sinxelos. - Seleccionar o tipo de actividades que poden levar a cabo o alumnado dependendo da súa idade. - Confeccionar unha listaxe de responsables deste espazo para que estea supervisado nas horas de lecer do alumnado. 						
Valor de partida	Non existe esta figura actualmente no centro.						
Valor previsto e data	Ter un espazo <i>maker</i> na biblioteca para que o alumnado indague no eido STEM					Cando abra a biblioteca nos recreos	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO4.1: Facer un grupo de traballo para crear o espazo <i>maker</i> na biblioteca.	Coordinadores de TIC e Biblioteca.	1ª avaliación: Primeira quincena de setembro.	Elección dos membros do grupo de traballo que se van responsabilizar da dinamización e supervisión do espazo <i>maker</i> .		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.1: Habilitar o espazo e elaboración das actividades/proxectos de Lego e/ou Robótica segundo a idade: Infantil; 1º, 2º e 3º; 4º,5º e 6º.	Grupo de traballo creado.	1ª avaliación: mes de outubro.	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño do tipo de actividades/proxectos. - Creación do espazos <i>maker</i>. - <i>Material (mobiliario, robots, pezas de Lego...)</i> 		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Elaborar un horario de garda de biblioteca con membros do grupo de traballo do espazo <i>Maker</i> para que poidan	Xefatura de estudos.	Cando se confeccionen os horarios de	Dispoñibilidade de docentes para facer este tipo de gardas nas quendas de recreo.		Realizada		
					Aprazada		

supervisar e apoiar ao alumnado que está neste recuncho da biblioteca.		gardas.			Pendente
--	--	---------	--	--	----------

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO (C)

5. OBXECTIVO:	Renovación dos equipos informáticos das aulas.	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC e Equipo Directivo	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Equipar as aulas con equipos informáticos, EDI . Instrumento: táboa de equipamento requirido.	
Valor de partida	Non existe esta figura actualmente no centro.	
Valor previsto e data	Ter as aulas actualizadas con equipamento informático e EDI de nova adquisición	Finais do 1º trimestre/ Cando se produza a dotación de material.

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A05.1: Determinar as necesidades de equipamento das diferentes aulas e facer a petición de material ao organismo correspondente.	Coordinadores de TIC e Equipo directivo.	30/09/22	Equipamento TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A05.2: Inicio no programa E-dixgal e Polos Creativos. Xestión dos recursos achegados por estes programas.	Coordinadores de TIC e Equipo directivo.	15/10/22	Instalación dos novos equipamentos.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO (D)						
6. OBXECTIVO:	Empregar a Aula Virtual como ferramenta habitual no proceso ensinanza aprendizaxe				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Deseñar alomenos 3 tarefas na aula virtual que contribúan a avaliación do alumnado.					
Valor de partida	Todo o profesorado actual do centro recibiu formación no emprego da AV.					
Valor previsto e data	O profesorado empregou a aula virtual para deseñar e achegar alomenos 3 tarefas avaliábeis para o seu grupo-aula.				Ao longo do curso 22/23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1.1: Expoñer, no claustro de inicio do curso 22/23 os indicadores deste obxectivo a todo o profesorado para que coñeza e leve a cabo as tarefas requiridas.	Equipo Directivo	Mes de setembro	Claustro no que todo o profesorado do centro estea presente.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2.1: Deseñar e compartir no curso da aula virtual, cando menos, 3 tarefas (1 por avaliación) ao longo do curso ao que o alumnado debe acceder obrigatoriamente.	Cada mestre na materia que considere.	1 tarefa por avaliación	Coñecer o funcionamento da aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4.2.3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Equipamento necesario e identificación dos usos:

- **Equipos informáticos para o desenvolvemento das funcións docentes (aulas dixitalizadas):** Neste momento precisamos un total de 8 equipos de aula e pantallas dixitais instaladas para poder proxectar e traballar de xeito interactivo:
 - En Educación infantil hai 2 equipos que non funcionan axeitadamente con tempos de resposta que non os fan operativos
 - En Educación Primaria precísanse 6 equipos:
- **Equipos de xestión e administración:** Precisamos mudar os 2 equipos que se empregan para a administración e xestión (Dirección, Secretaría e Xefatura de Estudos) dado que son obsoletos e con un funcionamento lento e deficiente que non son capaces de soportar unha alta carga de traballo en multitarefas. Ademais, estes equipos conteñen gran cantidade de información confidencial que, ao non recibir actualizacións, aumenta a súa vulnerabilidade fronte a ataques. Tamén precisamos actualizar os equipos informáticos dos especialistas do departamento de orientación, xa que polas características do seu traballo precisan elaborar informes e materiais específicos e nestes momentos os equipos que teñen non llo permiten.
- **Biblioteca:** Os catro equipos dos que dispoñemos para este espazo son lentos en procesamento, resposta e conexións. Precisamos renovalos por outros máis actualizados que permitan o traballo en alfabetización informacional e o emprego de diferentes recursos ao noso alumnado. (4 equipos).
- **Sala de mestres:** É necesario adquirir un novo equipo informático para a sala de Mestres que teña conexión coa fotocopiadora e renovar o equipo que temos actualmente.
- **Equipos para uso nos departamentos:** Precisamos, para o equipo TIC, 1 equipo con un hardware potente (tarxeta gráfica e memoria RAM) que soporte con facilidade a edición de vídeo, posto que traballamos con gran cantidade de material audiovisual para subir á web e as aulas virtuais do centro.
- **Ordenadores de aula para o alumnado:** Para o vindeiro ano contaremos con dous cursos no proxecto Edixgal e, por tanto, un ultraportátil por alumno. Somos conscientes que non é posible equipar do mesmo xeito ao resto do alumnado, mais tamén hai que ter en conta que a competencia dixital (tal como establece o currículo) debe ser traballada en todos os niveis así como tamén ensinar ao alumnado no emprego do hardware e software como ferramenta de traballo para que teñan os coñecementos suficientes cando chegan ao proxecto Edixgal. Por ende, precisamos, un total de 20 Equipos ultraportátiles para aula móbil. Deste xeito, pretendemos organizar un horario para que estes equipos portátiles vaian rotando por todas as aulas de Primaria e todo o alumnado poida familiarizarse co seu uso nas diferentes actividades propostas.

5. 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, farase do seguinte xeito:

- **Avaliación procesual** por parte dos responsables de cada obxectivo, supervisado polo Equipo TIC, valorando e adaptando, se fose necesario, o cumprimento das accións a desenvolver de cada obxectivo nas datas previstas. Esta avaliación procesual farase ao remate de cada avaliación.
- **Avaliación final** levarase a cabo ao finalizar o curso académico nunha xuntanza entre o coordinador TIC e os responsables de cada obxectivo. Nesta, farase unha reflexión sobre o cumprimento dos obxectivos e resultados obtidos. Estes datos, recolleranse na memoria de fin de curso. Tamén se deixarán recollidas as propostas de mellora, así como esbozadas as liñas de traballo do plan de acción do ano seguinte.

6. 5. Difusión do plan

A difusión do presente Plan, para dalo a coñecer entre toda a comunidade educativa á que afecta, levarase a cabo mediante:

- Presentación no claustrro de fin de curso, así como no primeiro do vindeiro curso académico, para que todo o profesorado coñeza cales son os obxectivos, liñas de traballo e responsabilidades que ten no Plan Dixital.
- Presentación e aprobación, se procede, por parte o Consello Escolar.
- Publicación, no apartado correspondente, na páxina web do centro para que poida ser consultado por toda a comunidade educativa.